

RESOLUCIÓN DO 15 DE MARZO DE 2023 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE RECOLECTOR/A DE RECURSOS ESPECÍFICOS CON TÉCNICAS DE MERGULLO NO INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA (IGAFA) NA ILLA DE AROUSA

Lexislación vixente

- Decreto 152/1998, de 15 de maio, que regula as condicións para o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 64/2008, do 27 de marzo, que regula a certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 23 de abril de 1999, que regula o exercicio de mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. O artigo 32 establece que "no caso de que os cursos requiran a realización previa de probas físicas e/ou de compresión e tolerancia ao osíxeno, estas deben de ser convocadas previamente, debendo estar presentes na súa realización un representante da Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación, o instrutor encargado da dirección do curso correspondente e persoal facultativo en medicina inscrito no censo previsto no artigo 43"
- Orde do 1 de outubro de 2008, que regula o procedemento de obtención da certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia. O artigo 3.5. indica que "a proba final de coñecemento e avaliación de aptitude será realizada por un tribunal designado pola Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, da acordo co Decreto 428/1993, do 17 de decembro, que estará formado por tres funcionarios/as docentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, un dos cales actuará en calidade de presidente/a e outro/a de secretario/a, e polo/a mergullador/a instrutor/a do curso"
- Decreto 210/2022, de 1 de decembro, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, establece no apartado 1.c) do artigo 12 que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndenlle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro RESOLVE,

Convocar un curso de Recolector/a de Recursos Específicos con Técnicas de Mergullo no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) na Illa de Arousa.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Primeira.- Requisitos das persoas candidatas (artigo 2 da Orde do 1 de outubro de 2008)

- Ter cumpridos os dezaioito anos de idade
- Ter rematada a ensinanza académica obrigatoria
- Superar as probas médicas de aptitude ao mergullo profesional segundo establecido no anexo IX da orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 23 de abril de 1999

Segunda.- Documentación a presentar no IGafa polas persoas aspirantes

- Solicitud normalizada segundo o anexo I da Orde do 1 de outubro de 2008
- Fotocopia compulsada do DNI
- Fotocopia compulsada do documento que acredita ter rematada a escolarización obrigatoria

Terceira.- O curso terá lugar no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa) na Illa de Arousa. As datas de presentación de solicitudes e do curso, así como os horarios e o número de prazas son as seguintes:

- Prazo de matrícula: do 16 de marzo ao 14 de abril de 2023
- Curso: do 15 de maio ao 7 de xuño de 2023, en horario de tarde (16:00h-21:00)
- Número de prazas: 12 prazas

Cuarta.- Probas físicas en piscina previas a realización do curso (artigo 4 da Orde do 1 de outubro de 2008).

O listado de persoas seleccionadas para realizar as probas físicas se publicará o 25 de abril de 2023 na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do IGafa.

As persoas aspirantes o curso deberán superar as seguintes probas físicas:

- Facer unha apnea estática dun minuto. As persoas aspirantes disporán de tres intentos.
- Facer unha apnea dinámica de 25 m de lonxitude en dous intentos e sen lentes de mergullo.
- Nadar 200 m a estilo braza ou crol. As persoas aspirantes elixirán o estilo e manterano ata o remate da proba con lentes de mergullo.

As persoas aspirantes deberán presentar, o día das probas físicas, un certificado médico, en impreso oficial, que as cualifique "coa aptitude física necesaria para a realización das probas físicas en piscina esixidas para o acceso ao curso de recolector/a de recursos específicos con técnicas de mergullo, segundo o artigo

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal



4.1.a) da Orde do 1 de outubro de 2008 (DOG nº 196, do 09/10/2008)“

A data de realización das probas físicas será o día 28 de abril de 2023 ás 16:00 horas

Quinta.- Proba da cámara hiperbárica previa a realizar o curso (artigo 4 da Orde do 1 de outubro de 2008).

Unha vez superadas as probas físicas deberán realizar o Test de comprensión e tolerancia ao oxíxeno hiperbárico, que consiste no seguinte:

- Descenso a 50 m.c.a. a unha velocidade máxima de 24 metros por minuto respirando aire, ascenso ata 18 m.c.a. respirando aire, xa na cota de 18 m.c.a. respirar oxíxeno medicinal durante 30 minutos, ao remate continuar respirando oxíxeno medicinal ata a superficie. Esta proba realizarase en cámara hiperbárica.

As persoas aspirantes o curso deberán presentar o día da proba da cámara hiperbárica, un certificado médico que as cualifique como aptas para facer esta proba. Este recoñecemento médico deberá ser realizado por persoal facultativo habilitado, tal como se establece no artigo 3.2 da Orde do 1 de outubro de 2008, que regula o procedemento de obtención da certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia.

A data da proba de tolerancia ao oxíxeno hiperbárico se realizará o día 12 de maio de 2023 ás 16:00 horas.

Sexta.- Criterios de selección dos/as candidatos/as

- O número de prazas do curso é de doce (12)
- Unha vez rematadas as probas físicas, si hai máis aspirantes que prazas, o tribunal realizará un sorteo público. Para isto, o listado de persoas que superaron ditas probas se ordenará alfabeticamente e será numerado (mantendo a orde alfabética), extraéndose a continuación un número que indicará a orde de persoas seleccionadas para o curso.
- As persoas seleccionadas que non superen as probas de cámara hiperbárica quedarán excluídas do curso.

Sétima.- No suposto de que o número de persoas admitidas para realizar o curso sexa inferior ao número de prazas convocadas, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións dos cursos, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente. Tamén poderá modificar as datas do curso, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir.

Oitava.- Equipamento necesario a aportar polo alumnado para poder realizar o curso de recolector/a de recursos específicos con técnicas de mergullo

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



- Traxe húmido de neopreno
- Escarpíns, aletas regulables, gafas e tubo de mergullo, cinto de chumbos de zafado rápido cuns 10 quilos, coitelo de mergullo e luvas de traballo.

Novena.- As persoas seleccionadas para realizar o curso deberán presentar o primeiro día de clase o xustificante de ter pagado as taxas das probas de aptitude para a obtención do certificado de extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo

Décima.- Nomeamento dos tribunais

A dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro nomea os seguintes tribunais:

- **Probas físicas en piscina:** 28 de abril de 2023 ás 16:00 horas
Representante da administración: Isabel Fernández Álvarez
Instrutor xefe: Óscar Figueiro Touceda
Facultativo en medicina: José Ángel Vilas Fernández
- **Probas tolerancia ao oxíxeno hiperbárico:** 12 de maio de 2023 ás 16:00 horas
Representante da administración: José Ventura Villar Estalote
Instrutor xefe: Óscar Figueiro Touceda
Facultativo en medicina: José Ángel Vilas Fernández
- **Exame de avaliación final do curso:** 7 de xuño de 2023 ás 16:00 horas
Presidente: Enrique González Figueroa
Secretario: Marcelino González Maneiro
Vogal: Elena Casais Laiño
Instrutor xefe: Óscar Figueiro Touceda

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Asinado dixitalmente

Susana Rodríguez Carballo

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

